CA5.3 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade.	Analiza criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación, drogas e sexualidade.		
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Relaciona hábitos saudables con prevención de enfermidades.		
CA5.5 - Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física percibíndoos como hábitos saudables para o individuo e a sociedade.	Analiza a importancia dunha boa alimentación e actividade física como hábitos saudables.		
CA5.6 - Recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres e respectando a diversidade sexual.	Respecta a diversidade sexual.		
CA5.7 - Recoñecer as drogas (incluídas as de curso legal) considerándoas como causa de prexuízos non só para as persoas que as consomen, senón tamén para as que están na súa contorna próxima.	Recoñece as drogas legais e ilegais como causantes de danos individual e colectivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.</li> <li>- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).</li> <li>- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.</li> <li>- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.</li> <li>- Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento.</li> <li>- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada.</li> <li>- Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.</li> <li>- Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.</li> <li>- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.</li> <li>- Hábitos saudables con relación á alimentación. Características dunha dieta saudable e análise da súa importancia.</li> <li>- Sexo e sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre os homes e as mulleres e o respecto á diversidade sexual. Importancia da educación sexual integral como parte dun desenvolvemento harmónico:</li> <li>- Infeccións de transmisión sexual (ITS).</li> <li>- Métodos de anticoncepción e prácticas sexuais responsables. A asertividade e o autocoidado.</li> <li>- As relacións afectivo-sexuais: ideas preconcebidas e estereotipos sexuais.</li> </ul>

Contidos
- Efectos prexudiciais das drogas legais e ilegais, tanto para os consumidores coma para quen está na súa contorna próxima. - Hábitos encamiñados á conservación da saúde física, mental e social (hixiene do sono, hábitos posturais, uso responsable das novas tecnoloxías, actividade física, autorregulación emocional, coidado e corresponsabilidade...).

UD	Título da UD	Duración
6	Saúde e enfermidade	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Analiza e explica conceptos e procesos partindo de información en diferentes formatos.	PE	50
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Busca, información e cita as fontes para responder cuestións científicas.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Utiliza métodos científicos para responder preguntas ou contrastar unha hipótese.		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Responde preguntas e contrasta unha hipótese mediante métodos científicos.		
CA6.3 - Comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas identificando as medidas de prevención e os tratamentos que existen ata o momento.	Distingue as enfermidades infecciosas das non infecciosas citando algunha medida de prevención e tratamento.		
CA6.4 - Analizar o funcionamento e as estruturas que comprende o sistema inmunitario recoñecendo o seu papel na prevención e superación das enfermidades infecciosas.	Recoñece o papel do sistema inmunitario na prevención e superación das enfermidades infecciosas. Coñece os compoñentes do sistema linmune.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Distingue ciencia de pseudociencia e textos, informes¿	TI	50
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presenta as conclusións do proxecto de investigación mediante táboas, gráficos, informes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Coopera dentro dun proxecto científico con empatía e responsabilidade.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valora a aportación da ciencia á sociedade.		
CA6.1 - Analizar conceptos e procesos relacionados coa saúde e coa enfermidade interpretando información en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web), mantendo unha actitude crítica e obtendo conclusións fundamentadas.	Interpreta información sobre saúde e enfermidade obtendo conclusións fundamentadas.		
CA6.2 - Recoñecer a información con base científica en relación coa saúde e coa enfermidade distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñece a información científica da que non é,		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.</li> <li>- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).</li> <li>- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.</li> <li>- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.</li> <li>- Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento.</li> <li>- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada.</li> <li>- Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.</li> <li>- Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.</li> <li>- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.</li> <li>- Enfermidades infecciosas e non infecciosas:</li> <li>- Diferenciación en base á súa etioloxía.</li> <li>- Medidas de prevención e tratamento de enfermidades infecciosas.</li> </ul>



## Contidos

- O uso adecuado dos antibióticos.
- Sistema inmunitario: análise dos diferentes tipos de barreiras e mecanismos de defensa que dificultan a entrada de patóxenos ao organismo.
- Relación entre o sistema inmunitario e a prevención e superación fronte ás enfermidades infecciosas.
- Importancia da vacinación na prevención de enfermidades e na mellora da calidade da vida humana.
- Importancia dos transplantes e da doazón de órganos.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No proceso de ensino-aprendizaxe xoga un papel importante tanto os criterios metodolóxicos, que guían a intervención educativa, como as medidas organizativas e estruturais que permiten a utilización adecuada dos recursos dos que dispón o centro.

As liñas metodolóxicas empregarán as seguintes pautas:

a- O inicio do curso , cada profesor realizará unha proba obxectiva que permita valorar os coñecementos do noso alumnado, así como detectar as deficiencias de aprendizaxe. Neste caso, e seguindo as directrices do Departamento de Orientación, elaboráranse todas as medidas de reforzo que fosen necesarias para tratar de conseguir a integración de todos os alumnos.

b- Coñecer as ideas previas dos alumnos-as mediante: test de preconceitos, coloquios, plantexamentos de cuestións. En definitiva, trátase de facer unha sondaxe oral ou escrita para detectar coñecementos previos acerca dos contidos que se van a traballar en cada unidade didáctica.

c- Explicación das unidades didácticas, tentando, sempre, relacionalas con experiencias, vivencias e problemas relacionados coa vida cotiá para despertar o interese dos alumnos e proporcionarlles a seguridade de estar aprendendo algo útil. A motivación, polo tanto, entendemos que é a chave para a aprendizaxe, de ahí que se trate de potenciar a participación activa de cada alumno neste proceso. Así mesmo, preténdese que a aprendizaxe sexa significativa, e dicir, que parta dos coñecementos previamente adquiridos e da realidade cotiá e dos intereses próximos ó alumnado, de forma que este se implique na construción da súa propia aprendizaxe.

d- Emprego de estratexias e recursos variados, tanto individuais como en equipo, impulsando as relacións entre iguais e tentando crear un clima de cooperación e respecto.

e- Pescuda en diversas fontes de información ( libros, revistas especializadas, páxinas web) e elaboración de informes.

f- Resolución de cuestións e exercicios, interpretación de textos, análise de resultados.

g- Realización de esquemas, murais, pósters, elaboracións de maquetas de carácter científico relacionadas cos temas traballados.

h- Traballos prácticos no laboratorio, co fin de comprender e asimilar o significado dalgúns fenómenos facilmente observables na natureza e no contorno do alumnado

i- Saídas a museos( Domus, Casa das Ciencias, Planetario, ...), lugares de interese natural, exposicións, etc., así como visitas de interese relacionadas coa materia que sexan ofertadas por distintas institucións. ( VIRTUAL).

j- Comprobación da progresiva adquisición de coñecementos mediante actividades de repaso e reforzo, así como de actividades finais de cada unidade didáctica, coa finalidade de consolidar as aprendizaxes; revisión de traballos e caderno do alumno, cuestionarios de autoavaliación, postas en común e probas escritas.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

#### Denominación

No desenvolvemento das distintas unidades didácticas empregárase, cando así o aconselle a práctica docente, os seguintes recursos que poidan facilitar a aprendizaxe:

Edixgal.

Aula virtual.

Material bibliográfico: libros, revistas especializadas, xornais, aportados pola Biblioteca do Centro, pola profesora do Departamento ou polos propios alumnos.

Láminas didácticas e diapositivas

Representacións tridimensionais: (como, por exemplo, o home clástico, un esqueleto, modelos anatómicos...etc)., maquetas de carácter científico

Uso de ordenadores.

Uso do canón

Material de laboratorio (lupas, microscopios, etc). ( VIRTUAL )

DVDs de contido documental relacionados coas distintas unidades.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial para diagnosticar a situación de saída ao principio de cada unidade. Realízase a través da observación directa do alumnado por parte do profesor/a para ver se as súas competencias se adecúan ao esixible no nivel correspondente.

Esta observación será a través das actividades de aula e, se o profesor/a o considera oportuno, mediante probas escritas ou orais nas que o alumno ou alumna poida amosar as súas competencias. Como complemento traballarase en grupos que poderán indicarnos as tendencias xerais do alumnado.

Realizaranse asemade simulacións de situación, debates...

Vense realizando a reunión de avaliación inicial durante o mes de outubro, xa que isto nos permite facilitar pautas para a adaptación do proxecto curricular ás características e necesidades do alumnado.

Será nesta reunión inicial do equipo docente onde se expoñerá toda a información requirida polo profesorado na aula durante todo o período de avaliación inicial co fin de recomendar as medidas compensatorias para aquel alumnado que se considere que o necesita.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>17</b>	<b>18</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	53	44	42	39	50	<b>39</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	47	56	58	61	50	<b>61</b>

### Criterios de cualificación:

Avaliación continua e ordinaria:

Ao longo do curso están previstas tres avaliacións que coincidirán cos períodos anteriores ás vacacións de Nadal, Semana Santa e verán. Estes condicionamentos obligan a dividir as programacións do curso por trimestres. Ditas avaliacións terán lugar nas datas programadas pola Xefatura de Estudos.

Dentro da avaliación continua e ordinaria se valorarán a través dos estándares de aprendizaxe, indicando en cada caso o nivel de logro acadado os contidos e as destrezas. empregando os seguintes instrumentos que se detallan anteriormente e que contan co seguinte peso:

Observación sistemática (traballo cooperativos, individuais e prácticas de laboratorio): 30%. Máximo 1 pto por cada

item. ( Este ano non hai laboratorio ).  
Proba escrita/ oral : 70%

(\*1) Probas escritas: Realizaranse 1 ou 2 probas por avaliación en función das unidades didácticas vistas e da dispoñibilidade de horas dentro da temporalización programada, que cumprirán as seguintes características: Consistirán en exercicios variados, como cuestións de desenrolo longo ou curto, cuestións tipo test, de relación de conceptos, elaboración e identificación de conceptos mediante esquemas, reenchir frases incompletas, definicións, interpretación de datos, identificación de partes sinaladas en esquemas, etc.  
Cada proba abranguerá os contidos impartidos ata o momento e non avaliados anteriormente, se ben poden ser necesarios para o desenrolo da mesma coñecementos impartidos con anterioridade e xa avaliados ( contidos xa adquiridos).  
No caso de realizar dúas probas por avaliación realizarase unha media ponderada (en función dos contidos tratados por cada proba) entre as dúas.

### **Criterios de recuperación:**

#### **RECUPERACIÓN DURANTE O CURSO**

Ao remate da avaliación e despois de seren enviadas as cualificacións ós pais, os alumnos que non acaden os estándares mínimos a pesares das medidas individuais adoptadas, realizarán un control escrito de recuperación da avaliación da materia avaliada con menos de 5 puntos.  
Estas probas terán lugar, despois das vacacións de Nadal, despois de Semana Santa e a final de curso, e como consta especificado noutro capítulo, para poder superar a materia os alumnos deben superar as tres avaliacións, xa que non é unha materia de contidos progresivos.  
Estas probas constarán dun número variable de preguntas, e serán dos contidos mínimos establecidos.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O programa do Departamento se divide en 3 avaliacións e unha proba final de recuperación.  
Para cada unha das avaliacións os alumnos/as cumprimentarán uns caderniños elaborados polos profesores do Departamento que serán repartidos ao inicio de cada unha das avaliacións. Posteriormente unha vez cumprimentados, serán devoltos ao profesor para a súa corrección.  
Non se recollerán caderniños cumprimentados despois das datas sinaladas. Esas son as datas límites de entrega. Poden ser entregados antes.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Son as seguintes:

- ¿ Adaptacións curriculares: propostas polo Departamento de Orientación para alumnos aos que xa lles tivesen sido aplicadas en Primaria e que presenten un desfase curricular moi acentuado na área sociolingüística.
- Á parte, as probas de avaliación inicial servirán ao profesor/a para adoptar as medidas de atención dentro da aula segundo as necesidades do alumnado.
- .Descrición do grupo despois da avaliación inicial
- Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión deberemos recompilar diversa información sobre cada grupo:
  - ¿ O número de alumnos e alumnas.
  - ¿ O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
  - ¿ As fortalezas que se identifican en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares e aos aspectos competenciais; e os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
  - ¿ As necesidades que se puidesen identificar; durante esta fase cómpre pensar en como se poden abordar

(planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).

¿ Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.

¿ Os tipos de recursos que se necesitan adaptar para obter un logro óptimo do grupo.

**Necesidades individuais**

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

¿ Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con NE, con AACC; pero tamén aquel que requira atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.

¿ Saber as medidas organizativas a adoptar: planificación de reforzos, espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual.

¿ Establecer as medidas curriculares a adoptar e os recursos a empregar.

¿ Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

¿ Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.

¿ Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co/a titor/a.

**Alumnado con TDAH**

Seguindo as orientacións do ¿Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativos e sanitarios¿, publicado pola Consellería de Educación, teremos en conta as seguintes estratexias:

¿ Asegurarnos de que nos atende.

¿ Utilizar frases curtas e claras.

¿ Manter o contacto visual.

¿ Presentar a idea principal explicitamente ao principio da explicación.

¿ Utilizar estratexias de categorización.

¿ Promover a súa participación con preguntas sinxelas.

¿ Formularlle preguntas para asegurarse de que entende.

¿ Proporcionarlle un sistema de titoría entre iguais para revisar os puntos fundamentais e que ao mesmo tempo poida axudar a estudantes con dificultades.

¿ Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.

¿ Facerlles probas breves breves e sinxelas.

¿ Deixarlles máis tempo para a realización dos exames.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación ambiental	X	X			X	X
ET.2 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación do consumidor					X	X
ET.4 - Educación para a igualdade de sexos	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde					X	X
ET.6 - Educación sexual				X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.7 - Educación cívica e moral	X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a DOMUS	Observación de maquetas sobre o corpo humano...	X		
Observación de rochas, minerais, flora e fauna dentro e fora do recinto escolar ( praia Pequena de Miño).	Observación de rochas, minerais, flora e fauna da contorna ( dentro e fora do recinto escolar ( praia Pequena de Miño).	X	X	X
Visita Fragas do Eume.	Visita Fragas do Eume. ( flora e fauna)		X	
Charla de Doazón e trasplantes. Reanimación cardiopulmonar.	Charla de Doazón e trasplantes. Reanimación cardiopulmonar.		X	
Actividade observación ceo nocturno	Actividade observación ceo nocturno			X
Participación no día da Ciencia na Rúa.	Divulgación de contidos científicos relacionados coa saúde...			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

### Descrición:

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
9. Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.

11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación?

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
  2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
  3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
  4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
  5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
  6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
  7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
  8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
  9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].
  10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
  11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
  12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).
  13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
  14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
  15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].
  16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
  17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
  18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].
  19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].
  20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]
  21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]
  22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
  23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
  24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
  25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
  26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
  27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
  28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
  29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
  30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.
- "Observacións:  
"

## 9. Outros apartados